



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Acta da Sesión Ordinaria e Constitutiva do Pleno do 11 de febreiro de 2016

Na Galería da Alcaldía do Concello de Vigo, ás 18:00 horas do día 11 de febreiro de 2016, ten lugar a sesión Ordinaria e Constitutiva do Pleno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, coa asistencia dos seguintes membros:

ASISTENTES

Presidente: D. Abel R. Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo.

Representantes concelleiros/as:

FORNELOS DE MONTES:

D. Emiliano Lage Rodríguez.

D. Serafín Ángel Martínez Martínez

GONDOMAR

D. Juan Francisco Ferreira González

Dª. Natalia Sofía Salgueiro Hermida

D. Josué Villar Ballesteros.

MOS

Dª Nidia María Arévalo Gómez

D. Francisco Vázquez Troitiño

Dª. Patricia Pérez Ucha.

PAZOS DE BORBÉN

D. Andrés Iglesias Rodríguez

Dª. Lorena Domínguez Miguez.

REDONDELA:

D. Javier Bas Corugeira

Dª. Raquel Quintans Costoya.

D. Jorge Varela Couñago

D. Eduardo José Reguera Ocampo

D. Xoan Carlos González Campo.

SALCEDA DE CASELAS:

D. Marcos David Besada Pérez

D. Santiago Rodríguez Davila.

Dª. Verónica Rourón Domínguez.

SOUTOMAIOR

D. Agustín Reguera Ocampo

D. Ramón Ángel Fernández Garrido

D. Alejandro Pazos Miguez.

VIGO:

Dª. Elena Muñoz Fonteriz
D. Diego Gago Bugarín.
D. José Manuel Figueira Vila.
D. Miguel Fidalgo Iglesias.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
Dª. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.
D. Carlos López Font.
Dª. Angeles Marra Domínguez.
D. Angel Rivas González.
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz.
D. David Regades Fernández.
D. Rubén Pérez Correa
Dª. Margarida López Barreiro

NON ASISTEN

D. Xosé Antonio Araújo Quintas concelleiro do Concello de Gondomar
D. Miguel Anxo Aldea Moscoso concelleiro do Concello de Mos.

Asisten así mesmo, en representación da MAIV, o interventor D. Alberto Escariz Couso. Da fe do acto o secretario José Riesgo Boluda.

(Presidente): Boas Tardes iniciamos o pleno da Mancomunidade de Área intermunicipal de Vigo, unha sesión ordinaria e constitutiva, está convocada pola orde do día que obra en poder de todos os membros de este plenario e iniciamos primeiro con pasar lista constatar un por un e tomar posesión dos membros do pleno.

(Presidente): Constatado o quorum e constituído por tanto... deixamos cerrado o ámbito constitutivo, pasamos os puntos da orde do día.

PUNTO 1.- ACORDO DO CALENDARIO DAS SESIÓNS DO PLENO.

ANTECEDENTES:

O artigo 9 dos Estatutos da Mancomunidade establecen que se celebrará, polo menos, unha sesión ordinaria cada seis meses, establecéndose as datas de reunión polo pleno na sesión constitutiva ou na inmediata seguinte.

As sesiões extraordinarias celebraranse cando así o decida o Presidente ou a solicitude de dous terzos do número legal de membros.

De acordo co exposto e co principio de autoorganización recoñecido no artigo 15 dos Estatutos da Mancomunidade, propúse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

"Establecer a celebración das sesiões ordinarias do Pleno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo para o último martes dos meses de setembro e marzo, en caso de que este día fose festivo, a convocatoria realizaríase para o inmediato día hábil posterior"



MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

(Presidente): acordo do calendario das sesións do pleno, secretarios, hai un sistema, vamos a facer unha rutina que sempre houbo aquí, que cos plenos se celebren dunha forma que sempre se forón facendo e que o secretario nos explica.

- (Secretario) Si no... no anterior mandato e no anterior o anterior o acordo foi en dos plenos ordinarios, un no mes de marzo e outro non sei se era o primeiro martes do mes de marzo ou o último martes do mes de marzo e o primer ou o último do mes de setembro, un para contas xerais e outro para o presupostos se entende o desSetembro ¿non? E entonces así mais ou menos, é tamén, .. no mais o menos non, exactamente así é a proposta que consta no expediente, de que as sesión serán dous ordinarias en las fechas que le he comentado. Hai que votar.
- (Presidente) Primeiro, ¿alguna observación sobre isto? ¿SI?
- (Desconocido) ¿Vanse facer ou non se van facer?
- (Presidente) É obligado facelas.
- (Desconocido) É que como ata agora no se fixo ningunha.
- (Presidente) Por que non se constituiu, agora si, se esta a constituir polo tanto é obligado facelas.

Procedemos por tanto a votación, ¿votos a favor desta proposta?

VOTACIÓN E ACORDO:

- (Secretario) Unanimidade
- (Presidente) ¿En contra? Un en contra, ¿Abstencións? Bueno con un voto en contra e outra abstención o resto de votos é a favor.

PUNTO 2 CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓN S DE ECONOMÍA E FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

ANTECEDENTES:

Segundo o establecido no arts. 116 da Lei 7/1985 de 2 de abril, art. 59 letra c) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e 127 do ROF establecen a existencia preceptiva da Comisión Especial de Contas.

As competencias da devandita Comisión Especial de Contas son as referentes ó estudio, examen, informe de todas as contas, presupostarias e extrapresupostarias, que deba aprobar o Pleno da Mancomunidad, de acordo co establecido na normativa local de aplicación.

Tamén os citados preceptos establecen a posibilidade de que a medio de acordo plenario a Comisión Especial de Contas actúe como Comisión Informativa permanente para os asuntos referentes a economía e facenda da Mancomunidad.

Propónese ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Que a Comisión Especial de Contas da Mancomunidade se compoña de 9 membros, e sexa presidida polo Presidente da Mancomunidade na súa condición de Presidente nato.

Segundo.- Cada un dos Alcaldes-Presidentes dos concellos membros da Mancomunidade nomeará formalmente, entre os vocais do concello correspondente no Pleno, un representante na devandita Comisión Especial; agás o Alcalde-Presidente do Concello de Vigo que fará o nomeamento de dous representantes. En todo caso, o nomeamento producirase no prazo dos dez días seguintes a adopción deste acordo.

Terceiro.- O Presidente efectivo da devandita Comisión Especial poderá ser nomeado polo Presidente da Mancomunidade, a proposta da Comisión, previa elección efectuada entre eles.

Cuarto.- A Comisión Especial de Contas actuará como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos á economía e facenda da Mancomunidade.

(Presidente): Secretario...

- (Secretario): Si es la misma comisión la comisión especial de cuentas, es preceptiva , consta una propuesta de acuerdo, bueno y... de un representante para por cada Concello excepto Vigo que tiene 2 representantes, y se propone que los Concellos en el plazo de 10 días, remitan , pues la persona que proponen para como miembros de estas comisión cada Concello, pues a la Secretaría de la Mancomunidad. Y... pues entonces hay ocho concellos, hay nueve miembros, de las comisiones. Repito dos el Concello de Vigo y uno cada concello. No tiene que ser necesariamente el alcalde si no que el miembro a votación que decida o el miembro de asamblea que representa a la corporación que decida la propia corporación.

VOTACIÓN E ACORDO:

- (Presidente): ¿Observación? Procedemos a votación ¿Votos a favor? ¿Contra?¿Abstencions? Queda aprobado con todos los votos a favor un en contra e tres abstencions. Eu so contei tres por favor..si hai 2 ala atrás que non veía .. son cinco si ahora si.

PUNTO 3. CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBIERNO COMO COMISIÓN DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DOS ASUNTOS QUE DEBAN SER SOMETIDOS Á DECISIÓN DO PLENO.

ANTECEDENTES

O artigo 82 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais establece que na orde do día das sesiones do Pleno das entidades locales só poden incluirse os asuntos que fosen previamente dictaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda.

O artigo 123 do mesmo texto legal establece que as Comisiones Informativas son órganos con atribuciones resolutorias que teñen por función o estudio, informe e consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Gobierno.



MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Nos Estatutos da Mancomunidade está previsto no artigo 18 que o réxime xurídico dos órganos de governo e administración axeitarase á vixente lexislación de réxime local.

Neste sentido o artigo 20 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local (segundo redacción dada pola Lei 11/1999) establece que nas entidades locais de máis de 5.000 habitantes existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deben de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, da Xunta de Goberno e dos concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ó Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes ós mesmos.

Considérase que a Xunta de Goberno da Mancomunidade, en tanto órgano colexiado integrado pola totalidade dos alcaldes da Mancomunidade podería desenvolver a función de ditaminar os asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno. A inexistencia de grupos políticos no pleno da Mancomunidade e a pertenencia de todos os alcaldes á Xunta de Goberno posibilita a presenza dun representante de todos os concellos.

Propónese ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

"A Xunta de Goberno actuará como Comisión permanente de estudio, informe e consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno".

(Presidente): Pasamos ao punto terceiro, constitución da Xunta de Goberno como Comisión de estudio informe e consulta dos asuntos que deban ser cometidos a decisión do pleno. ¿Secretario nos explica esto?

(Secretario): La previsión de Gobierno hace las veces de comisión informativa y ya saben ustedes que cualquier punto, orden del día que se inclina en la asamblea en el pleno tiene que ser dictaminado previamente por una comisión entonces a estos efectos la comisión de Gobierno actúa como comisión informativa. Es un acuerdo en ese sentido.

(Presidente): ¿Observacións? Si

(Xoan Carlos Gonzalez Campo) Vamos a ver... nos estamos totalmente en contra de que sexa una comisión de goberno..

(Presidente) PoR favor, ¿Cando dices nos a quién te refieres?

(Xoan Carlos González Campo) ¡O Bloque!

(Presidente) O Bloque. Correcto. ¿Si? ¿Para qué se escoite mellor?

(Xoan Carlos González Campo) O Bloque Nacionalista Gallego está totalmente en contra, de que, sexa única e exclusivamente a través dos alcaldes donde se debatan e os distintos asuntos que poden ir nos plenos. Para Nos, ten más sentido, e más participativo e democrático que haxa comisión informativas creadas poís, as que sexan necesario para que todas as forzas e o poder de tódolos veciños da mancomunidade sean representados nestas comisión informativas. Nos consideramos que é un principio democrático de participación que cando menos nesta mancomunidade debería manterse non?, xa que existen na maioría dos concellos na mancomuniade como refrexo deles debe manter esa premisa.

(PRESIDENTE): Bueno falaba co secretario que efectivamente algún grupo político que forma parte desta asamblea non se sente representado como é natural polos alcaldes que formamos a Xunta de Goberno por que non, non forman parte dese governo, en términos de cores políticos. Pero claro, a forma habitual de funcionamiento foi a través da Xunta de Goberno. Eu vou a someter a votación, con independencia de que lle demos una volta e podamos ver se hai algúna forma de resolver esta ausencia de grupos políticos na comisión informativa, pero vou someter a votación por que creo que temos que arrancar co funcionamento da Mancomunidade.

VOTACIÓN E ACORDO:

Por tanto, ¿votos a favor da proposta? ¿Contra? 3 contra. ¿Abstencións? 5 conto, queda aprobada a proposta, pero insisto lle daremos algúna volta para ver que solución atopamos a esta situación.

PUNTO 4 NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS: IFEVI, FUNDACIÓN PROVIGO, FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO E MESA SECTORIAL INSTITUCIONAL DA ASOCIACIÓN GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA MAIV-BAIXO MIÑO.

En aplicación do artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, resulta necesario proceder ao nomeamento dos representantes da Corporación local en órganos colexiados.

4.1. FUNDACIÓN PROVIGO.

ANTECEDENTES:

De conformidade co artigo 11 dos vixentes Estatutos da Mancomunidade, o alcalde da cidade de Vigo ostenta de xeito permanente a Presidencia desta entidade supramunicipal. Sucedé que, dunha banda, o presidente da Mancomunidade representa a esta entidade no Padroado da Fundación Provigo, e doutra, o alcalde da cidade de Vigo representa ao Concello de Vigo no mesmo Padroado.

Acumularíanse así, na mesma persoa, dúas representacións (Mancomunidade e Concello de Vigo) o que está en contradición co artigo 11 dos estatutos da Fundación Provigo, que establece que “non se poderán acumular representacións áinda cando se ocupe máis dun cargo con participación no Padroado”.

Por este motivo é necesario que o Pleno da Mancomunidade designe unha persoa que represente á esta entidade no Padroado da Fundación Provigo.

Propónese ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

“Designar como representante no Padroado da Fundación Provigo ao Alcalde-presidente do concello de (PENDENTE DE ACORDO)”.



MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

4.2. INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI)

ANTECEDENTES:

O Pleno da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo na sesión celebrada o 9 de decembro de 1997 acordou constituírse como membro fundador na Fundación do "Instituto Feiral de Vigo".

Tendo en conta que a Mancomunidad e o Concello de Vigo formarán parte do Padroado da Fundación, na persoa do alcalde de Vigo acumularíanse 2 representacións e polo tanto 2 votos.

Propónese ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

"Designar como representante na Fundación IFEVI ao concelleiro do concello de (PENDENTE DE ACORDO)"

4.3. ASOCIACIÓN GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA MAIV-BAIXO MIÑO.

ANTECEDENTES:

O Pleno da Mancomunidad na súa sesión do 13-12-2000 acordou aprobar o modelo de Estatutos para a constitución da Asociación para o Desenvolvimento Rural (A.D.R.) para o desenvolvimento e xestión do programa comunitario PRODER II no ámbito da Mancomunidad. A ADR MAIV constituíuse, pois, o 19 de xuño do ano 2001 e establecía a existencia dunha serie de mesas sectoriais que se configuraban como canle de participación dos axentes públicos e privados no desenvolvemento integral do territorio rural da Mancomunidad.

Con posterioridade, a ADR reúñese en Gondomar os días 1 e 22 de agosto de 2008, para modificar os seus Estatutos, pasando a denominarse Asociación Grupo de Desenvolvimento Rural da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo e do Baixo Miño (AGDR MAIV-Baixo Miño)

Os Estatutos da ADR da MAIV BAIXO MIÑO, contemplan no seu artigo 12.2 a existencia dunha mesa sectorial institucional, integrada polas distintas administracións e entidades públicas e outras de dereito público implicadas no desenvolvemento do territorio. Na composición da devandita mesa sectorial correspónelle a Mancomunidad de Vigo un representante.

Por iso é preciso que o Pleno da Mancomunidad escolla de entre os seus membros un representante na devandita mesa institucional, que non poderán ser alcaldes-presidentes dos concellos dado que estes xa están representados na mesma.

Propónese ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

"Designar como representante na mesa institucional da ADR-MAIV BAIXO MIÑO, ao concelleiro do concello de (PENDENTE DE ACORDO)"

4.4. FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO.

ANTECEDENTES:

Na Comisión de Goberno celebrada o 19 de decembro de 2001 acordouse aprobar a proposta do concello de Vigo para participar na Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo, cofinanciada pola Unión europea a través do programa SAVE.

O presidente da Mancomunidad, que é o alcalde da cidade de Vigo, é tamén o Presidente da Fundación, e por este motivo é necesario que o Pleno da Mancomunidad designe unha persoa que represente á esta no Padroado da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAEMEVI).

Propónese ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

“Designar como representante na Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo ao Alcalde-presidente do concello de (PENDENTE DE ACORDO)”.

(Presidente): Punto catro, nomeamento de representantes de corporación nos órganos colexiados : IFEVI, Fundación ProVigo, Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo e mesa sectorial institucional da Asociación do Grupo de Desenvolvemento Rural da MAIV Baixo Miño. Hai un tema de estatutos sobre o IFEVI que querría que o secretario lera.

(Secretario): Si, bueno, el objetivo del IFEVI lo que dicen que el representante de la Mancomunidad del IFEVI que le corresponde un miembro en el patronato, será el representante legal de la propia Mancomunidad que en este caso es el presidente lógicamente, o en su caso en el supuesto de que el presidente decline, de alguna manera esa representación ese patronato, podrá ser nombrado por las asambleas, o sea, puede ser cualquier miembro de la asamblea.

(Presidente): Nos queríamos dar feito una proposta de acordo cos grupos más maioritarios, Socialista e Popular, que somos os maioritarios que, para ter un acordo poder acordar tamén unhas cuestión sobre outros grupos, non foi posible e por tanto **como presidente, arrogo a representación no IFEVI desta Mancomunidad a través do Presidente.**

Hai que presentar propostas por tanto, para a Fundación ProVigo, representante do grupo Socialista Sr. Font.

(Sr. Font) Á Fundación ProVigo propoñemos ó Alcalde de Gondomar, Juan Francisco Ferreira González.

(Presidente) ¿Algunha outra proposta? Sometemos a votación esta proposta, ¿votos a favor? ¿Contra? Hai que contar, a ver a proposta Font.

(Sr. Font) Á Fundación ProVigo propoñemos a Juan Francisco Ferreira González, Alcalde de Gondomar.

(Presidente) Volvemos a repetir a votación, Alcalde de Gondomar se propón ¿non? ¿Votos a favor? Hai que contar ... 16. ¿Votos en contra ? 20. Non, queda rechazada polo tanto non hai representante da Mancomunidad da Fundación ProVigo.

(Ruben Perez) Unha cuestión

(Presidente) Si

(Ruben Perez) Nos queríamos trasladar antes da votación. Nos entendemos, estamos falando pola Marea de Vigo, e por alguma das candidaturas tamén que nos acompaña na coalición, entendemos que temos un plenario suficientemente plural como para que busquemos un método



MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

integrador para votar en consenso , dende logo se nos remite una orde do día que non aparecen nin nomes nin métodoloxía, nos propoñemos que busquemos entre estes espazos políticos que hai representación, hai catro persoas que se nomean , nos pensamos que se poden agrupar catro espazos políticos diferenciados , un sería o Partido Popular, outro o Partido Socialista, outro podería ser o BNG e outro as candidaturas municipalistas e que busquemos unha representación ponderada de cada un deses espazos, pois tamén entendendo a importancia de cada un que poderíamos consensuar, máis alá de un bloqueo que se poida poñer enriba da mesa, pensamos que teríamos que darnos tempo para consensuar nomes e perfiles e que esto saíra por consenso e non de maneira improvisada, tanto a aprobación como as desaprobacións das propostas .

(Presidente) Nos fixemos unha proposta a algún grupo e..

(Ruben Perez) A nos dende logo non, descoñecemos as propostas, so decir, que aquí si que aparece e certo que se fara a proposta, pero entendemos que antes de vir a este pleno, temos que ter falado e consensaudas esas propostas.

(Presidente) Eu volvo a dicir que se fixeron propostas a tres grupos deste pleno, e non houbo acordo , bueno pois temos unha proposta que o pleno rexeita non hai nomeante, non se nomea a nadie na Fundación ProVigo. Porque foi rexeitada a proposta. A partir de ahí nos somos receptivos a esas propostas .**En todo caso a representación no IFEVI esta acordada.**

(Elena Muñoz) Perdón, Alcalde. Nosotros en línea do exposto aquí , tamén queríamos apoiar o que, nos catro órganos colexiados que se deciden hoxe, aquí houbese tamén unha representación plural, toda vez que neste caso, no IFEVI xa se decidiu que sea o Alcalde e por tanto o Partido Socialista, el que sea representante a nos pareceríanos o más lóxico, é que no resto, nas tres restantes , tanto na Fundación ProVigo, ou na Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo e a mesa sectorial institucional da Asociación de grupo de Desenvolvemento Rural da MAIV baixo Miño, houbera representantes de cada un dos partidos representados nesta Mancomunidade, e nos neste caso, queríamos propoñer que o Partido Popular fora representante na Fundación ProVigo , perdón na Axencia Fundación da Enerxía que houbera un representante de Marea o de calquera outro dos grupos na Fundación ProVigo e outro representante na Mesa Sectorial Institucional da Asociación de grupo de Desenvolvemento Rural da MAIV Baixo-Miño e tamén algún independente, o dalgún grupo de Marea para conseguir que estivesemos todos representados en tódalas áreas.

(Presidente) De momento se contara, con respecto a ProVigo xa se votou que non, non hai más propostas , non houbo proposta por tanto...non xa se votou.

(Elena Muñoz) Votouse en contra dunha proposta

(Presidente) Non houbo ningunha outra, eu preguntei, proposta. E se dixo que non. Por tanto podemos posponer o nomeamento dos outros dous a un pleno ulterior e se acordará .IFEVI esta nombrada. Por que o presidente se arroga a potestade que lle dan os estatutos, de ser o representante da Mancomunidade no IFEVI. Os estatutos o dicen, e por tanto eu son o representante nato da Mancomunidade e represento. Podemos facer un pleno para volver acordar os outros tres. Por que nos lle fixemos unha proposta ó Partido Popular e falamos con algún outro grupo desta cámara, deste pleno. Falamos con dous grupos que totalizamos o 95% polo menos deste pleno , 95%, e non houbo acordo. Por que un grupo con tres pretendía presidir o IFEVI, non nos pareceu razonable , e o partido Popular que non é grupo maioritario pretendía presidir o IFEVI e non nos parecía razonable. Entón, constatamos que non había acordo pero claro que o intentamos e ao non haber acordo así xa non falamos con outros grupos, por certo, hai aquí

mais grupos políticos que posibilidades de nomeamento. Hai máis grupos políticos, por que hai más destos, que hai outros representantes independentes de diferentes grupos, independentes que tamén poden ter sua opción, por tanto un reparto a priori, pois non sei se é o mellor que podemos facer, e polo tanto, eu propoño que falemos ata o próximo pleno que se pode facer pronto porque esto é un pleno constitutivo e no próximo pleno fagamos o nomeamento dos tres que quedan por facer. E o falemos. No quedan tres, un se rechazou pero se pode volver a proponer nun pleno ulterior. Esa é a proposta que fago. Si se acepta pasamos ó seguinte, se non, seguimos propoñendo os dous que faltan. Pasamos. O deixamos para outro pleno.

PUNTO 5. DAR CONTA DOS MEMBROS QUE INTEGRAN A COMISIÓN DE GOBERNO E AS VICEPRESIDENCIAS.

5.1. DAR CONTA DOS MEMBROS QUE INTEGRAN A COMISIÓN DE GOBERNO.

Segundo o artigo 10 do vixentes Estatutos da Mancomunidade de Vigo a Comisión de Goberno intégrase por todos os alcades/as dos concellos membros. Tras as eleccións locais celebradas o 24 de maio de 2015 este órgano colexiado está integrado polos alcaldes que a continuación se relacionan.

CONCELLO	ALCALDE
PAZOS DE BORBÉN	Andrés Iglesias Rodríguez
REDONDELA	Javier Bas Corugueira
FORNELOS DE MONTES	Emiliano Lage Rodríguez
SOUTOMAIOR	Agustín Reguero Ocampo
MOS	Nidia Arévalo Gómez
VIGO	Abel Ramón Caballero Álvarez
GONDOMAR	Juan Francisco Ferreira Gonzalez
SALCEDA DE CASELAS	Marcos David Besada Pérez

5.2. DAR CONTA DAS VICEPRESIDENCIAS.

Segundo o artigo 12 dos Estatutos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo establecéncense tres Vicepresidencias, que teñen como funcións detectar necesidades e recursos e impulsa-los intereses da Mancomunidade nas áreas territoriais que integran a mesma, informando de todo isto ó Presidente. Estas áreas son:

- Área do Louro-Condado, integrada polos municipios de Salceda de Caselas e Mos.
 - Área do Miñor, integrada polo municipio de Gondomar.
 - Área de Redondela-Norte, integrada polos municipios de Redondela, Soutomaior, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes.
- As Vicepresidencias, unha por cada área, serán desempeñadas con carácter rotatorio durante un ano polos Alcaldes-Presidentes dos Concellos, ou quien legalmente os substitúa no seu Concello, que integran cada área territorial, segundo orde alfabético destes últimos.
- Conforme ó establecido no art. 12 dos vixentes Estatutos da Mancomunidade as Vicepresidencias deberán ser desenvolvidas durante un ano (dende o 11/02/16 ata o 11/02/17) polos/as seguintes alcaldes/a-presidentes:



**MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO**

- 1. Área do Louro-Condado: Alcalde-Presidente do Concello de Mos, Dona, Nidia María Arévalo Gómez.**
- 2. Área do Val Miñor: Alcalde-Presidente do Concello de Gondomar, D. Juan Francisco Ferreira González.**
- 3. Área de Redondela-Norte: Alcalde- Presidente do Concello Fornelos de Montes, D. Emiliano Lage Rodríguez.**

(Presidente): Punto quinto, dar conta os membros que integran a Xunta de Gobierno e das vicepresidencias da Mancomunidade, Secretario.

(Secretario) Vamos a ver, los miembros que integran la Xunta de Gobierno como bien ustedes saben son los alcaldes, todos os alcaldes de los ocho concellos que integran a Mancomunidade y los Vicepresidentes , los estatutos hablan también de tres áreas , el Area Louro-Condado, el Área de Miñor y el Área de Redondela-Norte. El área de Louro-Condado actualmente únicamente lo integran los municipios de Salceda y Mos, siempre se ha hecho por orden alfabético por lo cual el Vicepresidente del área Louro-Condado empezando por orden alfabético correspondería al alcalde de Mos y al año siguiente lo haría el Alcalde de Salceda y así durante los cuatro años siguientes . En Miñor sólo hay un municipio que es Gondomar por lo cual durante los 4 años el vicepresidente correspondiente al área de Miñor sería el alcalde de Gondomar, y en el área determinada de Redondela-Norte hay cuatro municipios Redondela, Soutomaior, Fornelos y Pazos, por orden alfabético correspondería el primer año al Alcalde de Fornelos , luego sería el Alcalde de Pazos , luego el de Redondela y luego el de Soutomaior , y entonces pues, es dar cuenta de cómo quedan las vicepresidencias.

(Presidente) Queda dada conta. Alguna observación sobre esto?... Queda dada a conta.

PUNTO 6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 22 XULLO DE 2015 POLA QUE SE DELEGAN DETERMINADAS ATRIBUCIÓNS NO CONCELLEIRO DO CONCELLO DE VIGO E MEMBRO DO PLENO DA MANCOMUNIDADE, D. JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA.

Con data 22 de xullo de 2015 a Presidencia da Mancomunidade delega en D. Javier Pardo Espiñeira as atribucións en materia de Economía e Facenda e Persoal, segundo o Decreto de Delegación que obra no expediente.

(Presidente): Pasamos ao punto sexto, dar conta da Resolución da Presidencia de data 22 de xullo do 2015, pola que se deven determinadas atribucións no concelleiro do Concello de Vigo no Pleno da Mancomunidade, Don Javier Pardo Espiñeira. Deleguei algunas das funcións da Presidencia neste concelleiro do Concello de Vigo .

Queda dada conta

PUNTO 7.ROGOS E PREGUNTAS.

(Josué Villar Ballesteros): Boas tardes a todos e a todas, eu simplemente de comezar unha pregunta , ¿por que non se me convocou en tempo e forma para esta sesión? Son concelleiro de Gondomar.

(Presidente) O Secretario me dice que todo o mundo está convocado con dous días de antelación, a convocatoria se cursa a través do secretario como é natural, e o secretario me dice que se fixo en tempo e forma.

(Josué Villar Ballesteros): Non se fixo, ademais eu fixen unha chamada onte mesmo á Mancomunidade advirtindo que non se me comunicara, que tiña coñecemento de terceiros desta xuntanza e se me comunicou dende a propia Mancomunidade que se chamara ó Concello de Gondomar e que dende o Concello de Gondomar lle respostaran que eu dimitiría deste órgano, e eu lle expliquei a persoa que me atendeu que nos dimitimos dun goberno pero que mantemos obviamente o posto na Mancomunidade e posteriormente bueno me mandaron a Orde do Día e a documentación , e hoxe mesmo no concello, pois recibin dúas versións: por unha que lle chegara unha comunicación e por outra que non , entón non me quedaba moi claro realmente que problema houbo, como rogo pediría que entendendo que non é problema da Mancomunidade, pois que se controle un pouco que cheguen esas notificacións podo verificar que isto non foi así.

(Presidente) Bueno se toma nota, o secretario me dí que foi convocado a través do Concello, que é a norma habitual que utilizamos, e por tanto si algo sucedeu trataremos de que non se volva a repetir. Pide a palabra o Alcalde de Gondomar.

(Alcalde de Gondomar) Grazas Presidente, un rogo para un anterior reproche é dicir que pola nosa parte o Concello de Gondomar si que recibimos en tempo e forma a notificación así como se recibiu a notificación para o concelleiro que antes falaba, e dende a Alcaldía se lle remitiu vía email ó seu correo que nos deu no seu momento como contacto, así como se fixeron sucesivas e reiteradas chamadas ó seu teléfono mobil, que sempre parecía apagado. Hoxe mesmo contactamos con el de forma verbal e se lle falicitou toda a documentación e todo, pero bueno nos non temos culpa de entrada de que este ilocalizado, grazas.

(Presidente) ¿Outro rogo? Si

(Francisco Vazquez Troitiño): Si, eu son de Gañamos de Mos, a miña preocupación é ¿por que o señor Acalde de Vigo, o presidente da Mancomunidade , pois utilizou o estatuto para entrar xa directamente no IFEVI ? A miña preocupación era que hoxe vivimos nun momento de diversidade política, de que as maiorías das sensibilidades que aquí están representadas por diferentes grupos , debían de estar nos catro órganos, e que iso debería haberse traído a Asemblea por que o que está facendo o partido Socialista neste caso é de alguma maneira obligándonos ós demás grupos a que busquemos unha alternativa para que no próximo pleno exclúamos o partido Socialista, e é unha dinámica, ao meu entender pois mala dinámica, por que se supón que a sociedade ten funcionar como tal e debemos buscar representatividade de tódalas sensibilidades que aquí hai, e non hai que preocuparse por que Salceda sea dunha idea, Gañamos doutra e tal, nos sabemos vivir na diversidade, gústanos a diversidade, e iso o fariamos más fácil e con más alegría.



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

(Presidente) Tomamos nota.

(Presidente): Bueno non habendo máis temas, moitas grazas , benvidos ó concello, seguiremos reunindonos , eu vou ver o Celta a ver se eliminamos o Sevilla.

E sen máis asuntos para tratar, o presidente remata a sesión ás 19.45 horas do día devandito.

Dou fe.

Vº e prace.

O PRESIDENTE

Abel R. Caballero Álvarez.

O SECRETARIO

José Riesgo Boluda.



